

## PROGRAMA DE SALVAMENTO E SOCORRISMO ACUÁTICO \_REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS E PROCESO DE SELECCIÓN PARA AS ACCIONS FORMATIVAS DE SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS E SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS

### Inicio da formación:

Socorrismo en espazos acuáticos naturais: febreiro 2021

Socorrismo e instalacións acuáticas: setembro 2021

**A inscrición realizarase nunha única solicitude para participar nas dúas accións formativas, obtendo así a dobre titulación**, iniciándose en primeiro lugar a formación en socorrismo en espazos acuáticos naturais de xeito que as prácticas sexan coincidentes coa tempada de praias do ano en curso coa posterior incorporación, ao remate das mesmas, á formación en instalacións acuáticas.

### 1. Requisitos das persoas candidatas:

- Estar inscritas na Oficina de Emprego que lle corresponda e coa tarxeta de demandante de emprego vixente á data do prazo de inscrición.
- Ter cumpridos os 18 anos de idade no momento da inscrición.
- Estar empadroadado/a en algún dos concellos da provincia da Coruña, preferentemente con poboación inferior a 50.000 habitantes

### 2. Requisitos específicos:

As persoas candidatas deberán cumprir os requisitos específicos seguintes:

#### Nivel académico ou de coñecementos xerais:

Estar en posesión dos títulos ou certificados precisos para cursar a formación correspondente ao certificado de profesionalidade de nivel 2.

#### Condições físicas:

Carencia de afeccións crónicas e enfermidades infecto\_contaxiosas .  
Integridade física, resistencia, forza, destreza, coordinación visomotriz, axilidade, rapidez de reflexos.

### 3. Proba de natación

As persoas candidatas, no caso de superar as solicitudes o número de prazas de cada edición, terán que superar probas de natación.

Para efectualas é necesario levar o día que se lles cite para as probas: **traxe de baño deportivo, gorro de piscina, gafas de natación, chanquetas e toalla.**

#### Probas:

- Nadar 200 metros estilo libre nun tempo máximo de 4'15" (catro minutos 15 segundos) e realizar, sen impulso, 20 metros en apnea.

### 3. Documentación e xestións:

Para ser persoa candidata e participar nestas accións formativas completárase o formulario de candidatura, asinarase a declaración de cumprimento de requisitos e **soamente** se achegará coa solicitude, o seguinte documento escanado:

Certificado ou Informe de saúde recente, emitido, asinado e selado por facultativo con data non anterior ao 11 de xaneiro de 2021, sobre o cumprimento das capacidades físico\_psiquicas para o desenvolvemento da actividade profesional de salvamento e socorrismo acuático

Só se admitirán 6 inscricións por concello de persoas empadroadas no mesmo, serán candidatas para a realización das probas de selección aquelas persoas das que se achegue o formulario completo e asinado e o documento escanado que se solicita no prazo previsto.

### 4. Procedemento de selección

Segundo os resultados da convocatoria de persoas candidatas, indícarase, unha vez remate o prazo de inscrición, a data, a instalación e a localidade onde se realicen as probas físicas que corresponda.

**As 20 persoas candidatas segundo a orde de puntuación obtida de maior a menor e/ou que acaden os mellores resultados nas probas**, terán que superar unha entrevista persoal na que serán, consideradas APTAS/NON APTAS.

Estas persoas terán que acudir o día e hora da cita á entrevista con toda a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos para ser participante nas accións formativas:

- Informe de vida laboral /Certificado non alta no Sistema da Seguridade Social
- Acreditación do nivel académico (copia titulación)
- Certificado ou Volante de empadroamento
- Tarxeta de demandante de emprego (copia)
- Certificado ou Informe de saúde
- DNI ou NIE (copia)

No caso de resultado NON APTA na entrevista, chamarase á seguinte persoa da listaxe e segundo a orde de puntuación obtida de maior a menor , ata completar o número máximo de alumno/a por acción formativa, quedando o resto de persoas e segundo a mesma orde, como suplentes para o caso das baixas que causen nos 5 primeiros días dende o inicio.

En caso de empate nos resultados das probas, terá preferencia de entre as persoas empatadas aquelas que estean empadroadas en concellos costeiros da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes, aplicando no caso de coincidencia, a preferencia de candidata sobre candidato.

### PROPOSTA DE BOLSA DE PARTICIPANTE

A Deputación da Coruña ten prevista a concesión dunha compensación económica como medida de fomento da formación e aptitude para o emprego destinada ás persoas participantes na formación AFPDP0209\_Socorrismo en Espazos Acuáticos Naturais e AFDP0109\_ Socorrismo en Instalacións Acuáticas, sempre e cando cumpran cos requisitos e condicións formuladas no procedemento de retribución de bolsas.

A contía da bolsa establécese en función do seguinte criterio:

- Importe fixo por días de duración do curso (fase teórica e fase práctica)

<b>Importe diario bruto por día asistido (xornada de 5 horas)</b>	<b>Duración estimada total acción formativa</b>	<b>Bolsa total a abonar</b>	<b>Retención segundo o detallado no Modelo 145. Comunicación de datos ó pagador</b>	<b>Importe diario líquido</b>
8,00€ brutos/diarios  1,60€ brutos/hora de asistencia	125 días	1.000,00€	%	Proporcional á asistencia completa ou por horas, xunto a diferenza entre o importe bruto que corresponda e a porcentaxe de IRPF a aplicar

### **PRAZOS DE DIFUSIÓN E INSCRICIÓN**

Debido aos tramites necesarios para obter o Informe de Vida Laboral e o Certificado/Informe de Saúde, sería preciso facer, antes do prazo que cada concello formule para as inscricións, **difusión ó respecto dos requisitos a cumprir polas persoas candidatas e a documentación que se vai solicitar para acreditar os mesmos.**